Acta da sesión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, do día 20 de decembro de 2024

[JCCP/MCVR]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo,** o día **20 de decembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Paula Mouzo Mas
(Vicepresidenta, en funcións de presidenta)
Raquel Arias Rodríguez
(en substitución de Patricia García González)
(Vicepresidenta en funcións)
Carmela González Iglesias
(Secretaria)

Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P)
Raquel Arias Rodríguez
(en substitución de Patricia García González)
María Deza Martínez
Jesús María Fernández Rosende
Miguel Fidalgo Iglesias
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de María Dolores Hermelo Piñeiro)
Pablo Javier Prieto Perille
Raúl Santamaría González
Manuel Santos Costa

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Daniel Castro García
Rosana Pérez Fernández
José Daniel Pérez López
Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Carlos López Font

Comparecentes:
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica
Directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Presidente do ente público Portos de Galicia

Letrado:
Juan Carlos Caride Puente

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta en funcións abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

Punto único. Preguntas

1.1 9819 (12/POC-001665)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre a contía total da última convocatoria de axudas para o fomento da innovación, mellora tecnolóxica e competitividade no sector acuícola
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 78f1, do 06.09.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** quen pasa a expoñer os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández**.

Na rolda de réplica o **señor Fidalgo Iglesias, Miguel (P),** agradece a información recibida, que comenta, e remata a súa intervención dándolle os parabéns polo seu novo destino en Bruxelas.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, señor Basanta Fernández**, ampliando a información facilitada na súa intervención anterior e agradecendo as verbas do señor deputado.

A Presidencia, previo acordo cos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración na orde de debate das iniciativas, consistente en tramitar en segundo lugar a pregunta que figura coma 1.6, doc. núm. 15036, e a continuación, retomarase a orde da convocatoria.

Xa que logo, procédese ao trámite da pregunta doc. núm. 15036:

1.6 15036 (12/POC-002342)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Iglesias, Carmela e Pérez Fernández, Rosana
Sobre a promoción do consumo de produtos do mar, as actuacións desenvolvidas polo Goberno galego con este obxectivo e o balance concreto que fai da campaña "Galicia sabe aMar"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 127, do 04.12.2024

PARLAMENTO DE GALICIA

A **señora González Iglesias, Carmela (BNG)**, expón as razóns que a levaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente referido.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (Consellería do Mar), Antonio Basanta Fernández.**

En rolda de réplica a **señora González Iglesias, Carmela (BNG),** logo amosarlle ao señor Basanta Fernández os mellores desexos na súa estancia en Bruxelas, expón novas consideracións sobre a información recibida.

Pecha o debate desta iniciativa o **director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, señor Basanta Fernández**, ampliando a información facilitada na súa anterior intervención e despídese de todos agradecéndolles os parabéns e bos desexos amosados.

Solicita a palabra o **señor Abalde Alonso (S),** para despedir ao señor Basanta Fernández e desexarlle o mellor no seu novo recorrido.

A Presidencia, logo de agradecerlle ao señor Basanta Fernández a súa presenza e colaboración cos traballos desta Comisión, despídeo desexándolle moita sorte no seu novo destino.

1.2 10168 (12/POC-001736)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis
Sobre os obxectivos e o orzamento da convocatoria de axudas para o desenvolvemento da formación profesional e da formación permanente no sector pesqueiro publicada no DOG o pasado 12 de agosto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 10.09.2024

O **señor Santamaría González, Raúl (P)**, expón os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

Para dar resposta a esta iniciativa intervén, en nome da Xunta de Galicia, a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar) Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica, o **señor Santamaría González, Raúl (P)** agradece a información recibida, que comenta, e sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,**

PARLAMENTO DE GALICIA

Marta Villaverde Acuña, ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

1.3 11834 (12/POC-001976)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos
Sobre a estratexia que prevé a Consellería do Mar para impulsar o diálogo coas confrarías co fin de abordar a xestión dos bancos marisqueiros e a súa postura ante a proposta da Comisión Mar-Industria da Confederación de Empresarios de Galicia nesta materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 95f1, do 02.10.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, quen defende a iniciativa ampliando as argumentacións expostas por escrito e que xustifican a formulación das preguntas concretas que nela se inclúen.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, a **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro (Consellería do Mar) Marta Villaverde Acuña.**

En rolda de réplica o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** amosa a súa insatisfacción ante a devandita resposta sobre a que expón novas consideracións.

A **directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Marta Villaverde Acuña**, pecha o debate desta iniciativa ampliando a información solicitada polo señor deputado na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza e colaboración da señora directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro cos traballos desta Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse para atender outras obrigas.

1.4 14399 (12/POC-002269)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez López, José Daniel e Pérez Fernández, Rosana
Sobre os resultados dos estudos anunciados para resolver os problemas de seguridade e operatividade no porto de Malpica, as características e o estado de desenvolvemento do proxecto de mellora e os orzamentos destinados á obra para 2025
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024

O **señor Pérez López, José Daniel (BNG),** expón os motivos nos que se basea esta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o **presidente do ente público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal.**

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda de réplica o **señor Pérez López, José Daniel (BNG)**, incide na importancia desta iniciativa, logo de matizar algunhas das argumentacións expostas polo señor Álvarez Vidal.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención do **presidente do ente público Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

1.5 14662 (12/POC-002301)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Font, Carlos e Abalde Alonso, Julio Ernesto
Sobre o grao de avance no proceso de reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira e os problemas urbanísticos derivados do seu atraso ou paralización
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 123, do 27.11.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao **señor López Font, Carlos (S)**, quen procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

En representación da Xunta de Galicia, contéstalle o **presidente do ente público Portos de Galicia (Consellería do Mar), José Antonio Álvarez Vidal.**

En rolda de réplica o **señor López Font (S),** logo de agradecer a detallada información aportada polo señor Álvarez Vidal, matiza algunhas das afirmacións realizadas por este.

O **presidente do ente público Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal,** pecha o debate da iniciativa ampliando os datos amosados na súa anterior intervención.

A Presidencia agradece a presenza do señor Álvarez Vidal nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Presidenta agradece aos presentes o seu traballo na Comisión e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:40 horas.

Carmela González Iglesias
Secretaria da Comisión

V. e pr.
Paula Mouzo Mas
Presidenta en funcións da Comisión

Paula Mouzo Mas
Firmado digitalmente por Paula Mouzo Mas
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Paula Mouzo Mas, email=paula.mouzo.mas@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.25 13:11:16 +01'00'

Carmela González Iglesias
Firmado digitalmente por Carmela González Iglesias
Fecha: 2025.02.25 12:30:53 +01'00'